

CURRICULA

Rafael del Águila foi catedrático de Ciencia Política e da Administración na Universidad Autónoma de Madrid e director do Centro de Teoría Política, ademais de profesor visitante na University of California de Berkeley, na Universidad Veracruzana de México ou no European University Institute de Florencia. A súa especialidade era a teoría política e neste campo publicou numerosos traballos en revistas especializadas sobre temas como a figura de Maquiavelo, a teoría política renacentista, o liberalismo, a democracia, a lexitimidade, o fanatismo, o papel dos intelectuais, os dereitos humanos ou a globalización. Entre os seus últimos traballos destacan o seu labor como investigador principal dos proxectos sobre Tolerancia e Multiculturalismo (2004-2006), financiados pola Dirección General de Ciencia y Tecnología, e sobre Retos da Democracia (2007), financiado pola Universidad Autónoma de Madrid. Foi editor do *Manual de ciencia política* (1997) e de *Pragmatismo y política* (1998), ademais de coeditor de *La democracia en sus textos* (1998) e do libro *Madrid 11-M. Un análisis del mal y sus consecuencias* (2005). Algunhas das súas obras máis destacadas son *La senda del mal. Política y razón de Estado* (2000), *Sócrates furioso: el pensador y la ciudad* (finalista do Premio Anagrama de Ensaio 2004), *La república de Maquiavelo* (2006) ou a máis recente *Crítica de las ideologías. El peligro de las ideas* (2008). Faleceu no ano 2009.

Rafael Argullol naceu en Barcelona no ano 1949. É narrador, poeta e ensaísta, dirixe o Instituto Universitario de Cultura da Universitat Pompeu Fabra e é catedrático de Estética e Teoría das Artes na Facultade de Humanidades desa universidade. É autor de vinte e cinco libros en distintos ámbitos literarios: poesía (*Disturbios del conocimiento, Duelo en el Valle de la Muerte, El afilador de cuchillos*), novela (*Lampedusa, El asalto del cielo, Desciende, río invisible, La razón del mal, Transeuropa, Davalú*) e ensaio (*La atracción del abismo, El*

Héroe y el Único, El fin del mundo como obra de arte, Aventura. Una filosofía nómada, Escritos ante una guerra, entre outros). Diríxese cada vez máis cara a unha escritura transversal que rompe cos xéneros literarios (*Cazador de instantes, El puente del fuego, Enciclopedia del crepúsculo, Breviario de la aurora*, etc.). Estudou Filosofía, Medicina, Economía e Ciencias da Información na Universitat de Barcelona e asistiu a cursos na Università di Roma, no Warburg Institute de Londres e na Freie Universität Berlin; doutorouse en Filosofía en 1979, na súa cidade natal. Como profesor ensinou en universidades europeas e americanas e deu conferencias en cidades de Europa, América e Asia. Gañou o Premio Nadal coa súa novela *La razón del mal* (1993) e o Premio de Ensaio de Fondo de Cultura Económica con *Una educación sensorial* (2002).

Mario Caciagli é catedrático de Ciencia Política na Università degli Studi di Firenze. Foi profesor nas universidades de Catania e de Padua e profesor visitante en diversas universidades europeas. É un dos fundadores da Società Italiana di Studi Elettorali (1979), da que foi presidente desde 1983 ata 1986 e é presidente honorario na actualidade. Desde 1980 é director da revista semestral *Quaderni dell'Osservatorio Elettorale*. Entre os seus libros destacan: *Democrazia Cristiana e potere nel Mezzogiorno* (1977) e *Clientelismo Politico* (2009); e publicados en España: *Elecciones y partidos políticos en la transición española* (Madrid, 1986), *Clientelismo, corrupción y criminalidad organizada* (Madrid, 1996), *Regiones de Europa. Autogobierno, regionalismos, integración europea* (Valencia, 2006). Actualmente está a traballar no libro *Qué rojo era mi valle*, resultado de 25 anos de investigación sobre a cultura política da Toscana.

Fernando Castro Flórez é profesor titular de Estética e Teoría das Artes da Universidad Autónoma de Madrid, ademais de comisario de exposicións e membro do padroado do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía. A súa colaboración coa prensa é habitual. Dirixe a revista *Cuadernos del IVAM*, exerce de crítico do suplemento *ABCD las Artes y las Letras* e colabora acotío

con revistas especializadas como *Descubrir el Arte*, *Revista de Occidente*, *Contrastes* ou *Monográfico.net*. Entre os seus libros podemos salientar *Narciso y Acteón: el deseo y la mirada*; *Fasten Seat Belt. Cuaderno de campo de un crítico de arte*; *El texto íntimo. Kafka, Rilke, Pessoa*; *Demoliciones*; *Sainetes* ou *Mensaje sin texto. Notas sobre la fotografía*.

Héctor Díaz-Polanco é antropólogo social da Universidad Nacional Autónoma de México (UNAM) e sociólogo (El Colegio de México). Entre as súas obras atópanse *Autonomía regional. La autodeterminación de los pueblos indios* (Siglo XXI Editores, 1991), *El fuego de la inobediencia. Autonomía y rebelión india en el Obispado de Oaxaca* (CIESAS, 1992), con Noam Chomsky e outros, *Chiapas insurgentes* (Tlalparta, 1995), *Indigenous Peoples in Latin America. The quest for self-determination* (Westview Press/Harper Collins Publishers, 1997), *La rebelión zapatista y la autonomía* (Siglo XXI Editores, 1997), con Consuelo Sánchez, *México diverso. El debate por la autonomía* (Siglo XXI Editores, 2002) e con Sergio Bagú, *Identidad continental/Indigenismo y diversidad cultural* (Universidad Ciudad de México, 2003). É editor da revista do Instituto Panamericano de Geografía e Historia, *Boletín de Antropología Americana*, e director de *Memoria. Revista Mensual de Política y Cultura*, publicada en México. Ademais, é membro do consello editorial das revistas *Latin American Perspectives* (California), *Desacatos. Revista de Antropología Social* (México) e *Dialéctica* (México). Foi asesor da Comisión Nacional de Autonomía (Managua, 1985-1987), que deseñou o réxime de autonomía da Costa Atlántica de Nicaragua; e do Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN) para as negociacións co Goberno mexicano sobre «Derechos y cultura indígena», das que resultaron os Acordos de Santo André.

Andrew Dobson (1957) é profesor de Política na Keele University. Traballa no campo da teoría política medioambiental, con especial referencia á relación entre ecoloxismo e outras ideoloxías políticas modernas, así como a tensión entre a sustentabilidade ambiental como obxectivo social e outros obxectivos como o profundamento democrático e o incremento da xustiza social. Sobresae a

súa monografía *Citizenship and the Environment* (Oxford University Press, 2003) e a coedición de *Political Theory and the Ecological Challenge* (Cambridge University Press, 2006) con Robyn Eckersley. Nomeado académico na Academy of Social Sciences en 2008. Foi editor fundador da revista internacional *Environmental Politics*. Membro académico da DEFRA, *Sustainable Development Research Network* (SDRN) e asesor do Goberno na Sustainable Development Commission.

Félix Duque é licenciado en Filosofía desde 1970 e en Psicoloxía desde 1971 pola Universidad Complutense de Madrid e doutor pola mesma universidade desde 1974 coa tese: *Experiencia y sistema. Una investigación sobre el «Opus postumum» de Kant*. Entre 1974 e 1982 impartiu Antropoloxía, Filosofía da Natureza e Metafísica nas universidades Complutense de Madrid, de Valencia e Autónoma de Madrid. Entre 1982 e 1988 foi catedrático de Metafísica na Universitat de València. Durante ese período foi *Gastprofessor* no Hegel-Archiv der Ruhr Universität Bochum entre os anos 1983-1985 e 1987-1988. Desde 1988 é catedrático de Historia da Filosofía Moderna na Universidad Autónoma de Madrid. A súa investigación orientouse primeiro cara á Antropoloxía, a Filosofía da Natureza e a Hermenéutica. Na actualidade investiga sobre as doutrinas do idealismo alemán e do romanticismo, así como sobre filosofía da técnica e da cultura, mito e relixión, e tamén arte contemporánea. Algún dos seus libros máis destacados son: *Hegel. La especulación de la indigencia* (Juan Granica, Barcelona, 1990), *La estrella errante. Estudios sobre la apoteosis romántica de la historia* (Akal, Madrid, 1997), *Historia de la filosofía moderna. La era de la crítica* (Akal, Madrid, 1998), *En torno al humanismo. Heidegger, Gadamer, Sloterdijk* (Tecnos, Madrid, 2002), *Los buenos europeos. Hacia una filosofía de la Europa contemporánea* (Ediciones Nobel, Oviedo, 2003), *El cofre de la nada. Deriva del nihilismo en la Modernidad* (Abada, Madrid, 2006), *Residuos de lo sagrado. Tiempo y escatología: Heidegger/Levinas - Hölderlin/Celan* (Abada, Madrid, 2010).

José Antonio Fernández de Rota y Monter foi catedrático de Antropoloxía Social na Universidade da Coruña, decano da Facultade de Humanidades e director do Departamento de Humanidades. Foi académico correspondente da Real Academia Española de Ciencias Morales y Políticas e membro do Instituto Internacional Transcultural, con sede en París.

Realizou traballos de campo antropolóxico na zona rural de Monfero e na urbana de Betanzos. Levou a cabo tamén calas antropolóxicas en Bruxelas –fillos de emigrantes españois– e no Bierzo. Realizou un traballo de investigación sobre a Epistemoloxía da Antropoloxía Norteamericana.

Entre as súas publicacións monográficas destaca *Antropología de un viejo paisaje gallego* (CIS-Siglo XXI, Madrid, 1984), *Gallegos ante un espejo. Imaginación antropológica en la Historia* (Edicións do Castro, A Coruña, 1987), *Protagonistas de la Economía Básica* (Deputación Provincial, A Coruña, 1998), *Betanzos frente a su Historia. Patrimonio y Sociedad* (Fundación Caixa Galicia, Santiago de Compostela, 2000) e *Nacionalismo, cultura y tradición* (Anthropos, 2005). Foi director ou editor, entre outras, das seguintes obras colectivas: *Lengua y Cultura: aproximación desde una semántica antropológica* (Edicións do Castro, A Coruña, 1989), *Lindeiros da galeguidade* (Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1990), *Rito y Misterio* (Universidade da Coruña, 1992), *Espacio y vida en la ciudad gallega* (Universidade da Coruña, 1992), *Etnicidad y Violencia* (Universidade da Coruña, 1994), *Las diferentes caras de España* (Universidade da Coruña, 1996), *Antropología de la transmisión hereditaria* (Universidade da Coruña, 1999), *En el Camino. Cultura y Patrimonio* (Universidade da Coruña, 2002) ou *Ciudad e Historia. La temporalidad de un espacio construido y vivido* (Akal, Madrid, 2008). Faleceu no ano 2010.

Alessandro Ferrara é catedrático de Filosofía Política na Università di Roma Tor Vergata e presidente da Asociación Italiana de Filosofía Política. Tras graduarse en Filosofía en Italia, obtivo o seu doutoramento pola University of California de Berkeley, onde realizou unha serie de traballos recollidos no seu primeiro libro, *Modernity and Authenticity* (1993). Desenvolveu tamén proxec-

tos de investigación posdoutoral en Múnic e Frankfurt, onde traballou con Jürgen Habermas. Desde 1991 é director da conferencia anual sobre Philosophy and Social Science, que desde 1993 se realiza en Praga, auspiciada primeiro polo Instituto de Filosofía da Academia Checa de Ciencia e posteriormente pola Charles University. Forma parte do consello asesor de diversas revistas filosóficas, como *Constellations*, *Philosophy and Social Criticism* e *The European Journal of Philosophy*, así como da colección New Directions in Critical Theory, editada por Columbia University Press. É autor, entre outros traballos, de: *Reflective Authenticity. Rethinking the Project of Modernity* (1998), *Justice and Judgment. The Rise and the Prospect of the Judgment Model in Contemporary Political Philosophy* (1999) e *The Force of the Example. Explorations in the Paradigm of Judgment* (2008).

Natividad Gutiérrez Chong é profesora da Facultad de Filosofía y Letras e da Facultad de Ciencias Políticas y Sociales na Universidad Nacional Autónoma de México (UNAM), e investigadora titular en Socioloxía en The London School of Economics and Political Science. As súas principais liñas de investigación están enfocadas en cuestións como a identidade, as etnias, os estudos de xénero, o estado-nación, os nacionalismos, o multiculturalismo ou os movementos no campo. Entre as súas publicacións destacan: *Nationalist Myths and Ethnic Identities: Indigenous Intellectuals and the Mexican State* (1999), *Autonomía étnica en China. Cuadernos de investigación* (2001), *Mitos nacionalistas e identidades étnicas: los intelectuales indígenas y el Estado mexicano* (2001), *Mujeres y nacionalismo: de la independencia a la nación del nuevo milenio* (2004) ou *Conflictos étnicos y etno-nacionalismos en las Américas. Reportes de investigación* (2008).

Ernesto Laclau é profesor de Política na Universidade de Essex (Reino Unido) e catedrático eminente de Humanidades e Estudos Retóricos na Universidade Northwestern dos Estados Unidos. Autor de *Politics and Ideology in Marxist Theory* (Londres, 1977), *New Reflections on the Revolution of our Time* (Londres, 1990), *Emancipation(s)* (Londres, 1996) e *On Populist Reason*

(Londres, 2005); coautor, xunto con Chantal Mouffe, de *Hegemony and Socialist Strategy* (Londres, 1985) e, con Judith Butler e Slavoj Žižek, de *Contingency, Hegemony and Universality. New Dialogues on the Left* (Londres, 2000); é tamén o editor de *The Making of Political Identities* (Londres, 1994).

Michel Maffesoli (Hérault, Francia, 1944) está considerado un dos fundadores da socioloxía do cotián. Coñecido polas súas análises sobre a posmodernidade e o imaxinario, exerce de catedrático, desde 1981, na Universidade da Sorbona. Director da revista internacional de Ciencias Humanas e Sociais *Sociétés*. Entre as súas obras destacan: *Lógica de la dominación* (1977), *La violencia totalitaria: ensayo de antropología política* (1982), *El tiempo de las tribus* (1990), *De la orgía: una aproximación sociológica* (1996), *Elogio de la razón sensible: una visión intuitiva del mundo contemporáneo* (1997), *El instante eterno. El retorno de lo trágico en las sociedades postmodernas* (2001), *La tajada del diablo. Compendio de subversión postmoderna* (2002), *El nomadismo: vagabundos iniciáticos* (2004), *La transformación de lo político. La trivialización del mundo postmoderno* (2005) e *En el crisol de las apariencias: para una ética de la estética* (2007).

Chantal Mouffe naceu en Bélxica en 1943. Politóloga formada en Louvain, París e Essex, é profesora de Teoría Política na Universidade de Westminster, Londres. Nos últimos anos impartiu aulas en diferentes universidades de Europa, de Estados Unidos e no Sur de América, e realizou estadias de investigación en Harvard, Cornell, a Universidade de California, o Instituto de Estudos Avanzados de Princeton e o Centro Nacional de Investigación Científica de París. Entre 1989 e 1995 foi directora de Programa no Colexio Internacional de Filosofía de París.

Chantal Mouffe é unha das pensadoras máis influentes no eido da Filosofía Política actual. É compiladora de obras como *Gramsci and Marxist Theory*, *Dimensions of Radical Democracy*, *Deconstruction and Pragmatism* ou *The Challenge of Carl Schmitt*; e tamén coautora, con Ernesto Laclau, de *Hegemony and Socialist Strategy: Towards a Radical Democratic Politics* (1985). Así

mesmo, publicou *The Return of the Political* (1993), *The Democratic Paradox* (2000) ou *On the Political* (2005), ademais de numerosos artigos sobre pensamento político (Carl Schmitt) e teoría política (Paixóns e política).

Na actualidade está a elaborar unha aproximación non racionalista á teoría política, fundamentada na súa formulación do concepto de «democracia agónica», e participa en diferentes proxectos de investigación sobre a emerxencia do populismo de dereitas en Europa e sobre o lugar de Europa na orde global multipolar.

Blanca Muñoz é licenciada en Filosofía, Ciencias Políticas e Socioloxía. Doutorouse na Universidad Autónoma de Madrid coa tese *Ontología dialéctica en la filosofía de Th. W. Adorno y H. Marcuse* (1983). Actualmente é profesora titular de Teoría Sociolóxica Contemporánea, Socioloxía do Coñecemento, e Socioloxía da Cultura de Masas na Universidad Carlos III de Madrid, logo de exercer de profesora titular de Teoría da Comunicación de Masas na Universidade do País Vasco durante sete anos (1983-1990). Foi Premio de Investigación Científica no ano 1982. Entre as súas publicacións pódense citar: *Cultura y comunicación. Introducción a las teorías contemporáneas* (1989), *Teoría de la pseudocultura. Estudios de sociología de la cultura y la comunicación de masas* (1995), *Whose Master's Voice? The Development of Popular Music in Thirteen Cultures* (1997), *Theodor W. Adorno: teoría crítica y cultura de masas* (2000), *La cultura global. Medios de comunicación e ideología en la sociedad globalizada* (2005) ou *Modelos culturales. Teoría sociopolítica de la cultura* (2005). Ademais, publicou numerosos estudos e artigos sobre a ideoloxía, a cultura e o coñecemento colectivo na sociedade contemporánea.

Anne Phillips é profesora de Teoría do Xénero no Gender Institute da London School of Economics and Political Science. Entre as súas obras destacan: *Multiculturalism without Culture* (Princeton University Press, 2007), *Oxford Handbook of Political Theory* (2006), *Which Equalities matter?* (Polity Press, 1999), *The Politics of Presence* (Clarendon Press, Oxford, 1995), *Democracy and Difference* (Polity Press, Cambridge), *Gender and Culture*

(Polity Press, Cambridge, 2010), *Gender, Agency and Coertion* (Palgrave, Londres, 2011).

Isabel Pires de Lima é catedrática da Facultade de Letras da Universidade do Porto, onde ensina Literaturas de Lingua Portuguesa desde 1974 e onde se doutorou en Literatura Portuguesa, en 1987, coa tese *As Máscaras do Desengano - Para uma leitura sociológica de «Os Maias» de Eça de Queirós* (Lisboa, Editorial Caminho, 1987). Publicou *Retratos de Eça de Queirós* (Porto, Campo das Letras / Fundação Eça de Queiroz, 2000), editou *A emigração como força civilizadora* (Lisboa, Publicações Dom Quixote, 2000), *O Crime do Padre Amaro*, cuxo prefacio escribiu, con ilustracións de Paula Rego (Porto, Campo das Letras, 2001) e *Visualidades - A Paleta de Eça de Queirós* (Porto, Árvore - Cooperativa de Actividades Artísticas / Casino da Póvoa, 2008). Ministra de Cultura do XVII Goberno Constitucional (2005-2008). Deputada da Asemblea da República nas VIII, IX e X lexislaturas (1999-2005/2008-2009).

Donatella della Porta é profesora de Socioloxía e directora de investigación do Departamento de Ciencias Políticas e Sociais no European University Institute, Florencia. Os seus principais intereses investigadores refírense aos movementos sociais, a violencia política, o terrorismo, a corrupción e as forzas e as políticas da orde pública, cuestións verbo das cales realizou estudos en Italia, Francia, Alemaña e España. Dirixiu un proxecto de investigación comparativa sobre o control das manifestacións públicas masivas en Europa e outro sobre as forzas policiais de Italia. Na actualidade participa en varios proxectos comparativos centrados na cidadanía e os movementos sociais. Entre as súas recentes publicacións sobresaen: *Another Europe* (Routledge, 2009), *Democracy in Social Movement* (Palgrave, 2009), *Social Movements in a globalizing world*, con H. Kriesi e D. Rucht (Palgrave, 2009), *Voices of the Valley, Voices of the Straits: How Protest Creates Communities*, con G. Piazza (Berghahn Books, 2008) ou *Introduzione alla scienza politica* (Il Mulino, 2008), entre unha extensa relación de títulos e colaboracións en revistas e xornais.

Josep Ramoneda é filósofo e xornalista. Dirixiu o Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona. Foi director do Instituto de Humanidades (1986-1989), colaborador de *La Vanguardia* (1980-1996) e profesor de Filosofía Contemporánea na Universitat Autònoma de Barcelona (1975-1990). Publicou numerosos libros, entre os que destacan: *Del tiempo condensado* (Nuevas Ediciones de Bolsillo, Barcelona, 2003) e *Después de la pasión política* (Taurus, Madrid, 1999).

Alberto Ruiz de Samaniego é doutor en Filosofía pola Universidad Autónoma de Madrid, maxister en Estética e Teoría das Artes polo Instituto de Estética e Teoría das Artes da Universidad Autónoma de Madrid e profesor titular de Estética e Teoría das Artes da Universidade de Vigo. Foi tamén crítico cultural e comisario de exposicións. Obtivo o Premio Espais á Crítica de Arte. Publicou, entre outros, os seguintes libros: *Maurice Blanchot: una estética de lo neutro* (Universidade de Vigo, 1999), *Semillas del tiempo* (Deputación de Pontevedra, 1999), *La inflexión posmoderna: los márgenes de la modernidad* (Akal, 2004), *James Casebere* (Mímesis, Porto, 2005), *Belleza de otro mundo. Apuntes sobre algunas poéticas del inmovilismo* (Cendeac, 2005) e, en colaboración con Miguel A. Ramos, *La generación de la democracia. Nuevo pensamiento filosófico en España* (Alianza / Tecnos, 2002). Así mesmo, foi tradutor de Maurice Blanchot (*La bestia de Lascaux / El último en hablar* e *El instante de mi muerte / La locura de la luz*, Tecnos) e de Jean Christophe Bailly (*La llamada muda. Ensayo sobre los iconos de El Fayum*, Akal).

José Manuel Sánchez Ron naceu en Madrid en 1949. É licenciado en Ciencias Físicas pola Universidad Complutense de Madrid desde 1971 e mais doutor (Ph.D.) en Física pola Universidade de Londres desde 1978. Obtivo en 1994 a cátedra de Historia da Ciencia no Departamento de Física Teórica da Universidad Autónoma de Madrid, e antes fora, entre 1983 e 1994, profesor adxunto (numerario), primeiro, e titular despois, de Física Teórica nesa universidade. En marzo de 2003 foi escollido membro da Real Academia Española, na que leu o seu discurso de ingreso o 19 de outubro de 2003. Ocupa a

cadeira «G». Desde decembro de 2006 desempeña o cargo de bibliotecario. En decembro de 2006 foi escollido académico correspondente da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales. Desde novembro de 2003 é membro da Academia Scientiarum et Artium Europaea. En 2006 foi elixido membro correspondente da Académie Internationale d'Histoire des Sciences de París. En 2001 recibiu o Premio José Ortega y Gasset de Ensaio e Humanidades da Vila de Madrid polo libro *El Siglo de la Ciencia* (Taurus, 2000). En 2004 recibiu o Prisma da Casa das Ciencias da Coruña ao mellor artigo de divulgación científica en 2003 polo seu traballo «¿Para qué la ciencia?», publicado en *El País*. É autor de máis de trescentas publicacións, entre as cales se contan unha trintena de libros, entre eles: *El origen y desarrollo de la relatividad* (1983), *Miguel Catalán. Su obra y su mundo* (1994), *Diccionario de la Ciencia* (1996), *Cinzel, martillo y piedra. Historia de la ciencia en España (siglos XIX y XX)* (1999), *El Siglo de la Ciencia* (2000), *Historia de la Física Cuántica, I: El período fundacional (1860-1926)* (2004), *El poder de la ciencia. Historia social, política y económica de la ciencia (siglos XIX y XX)* (2007) e, con Antonio Mingote, *¡Viva la ciencia!* (2008).

Carlos Thiebaut é catedrático de Filosofía na Universidad Carlos III de Madrid. Foi profesor na Complutense, onde se doutorou en 1977, e na Universidad Autónoma de Madrid. Ademais, é membro do Instituto de Filosofía do Consejo Superior de Investigaciones Científicas e exerceu como profesor invitado en universidades como a de Frankfurt, a Northwestern University dos Estados Unidos ou as de México, Perú e Colombia. Os seus intereses como investigador centráronse principalmente na filosofía moral, na política contemporánea, na relación da filosofía coa literatura e as ciencias sociais e nas tradicións da teoría crítica e da filosofía anglosaxoa, a algúns de cuxos debates contribuíron os seus libros: *Cabe Aristóteles* (1988), *Historia del nombrar* (1992), *Vindicación del ciudadano* (1998) ou *De la tolerancia* (1999). Tamén plasmou o seu interese pola filosofía xeral en obras como *Conceptos fundamentales de filosofía* (1998) ou *Invitación a la filosofía: pensar el mundo, examinar la vida, hacer la ciudad* (2003), e polas experiencias morais do dano e mais do mal no século XX en *El problema del mal en la filosofía política con-*

temporánea (2003). É membro do consello editorial de revistas académicas como *Isegoría*, *Constellations*, *Philosophy and Social Criticism*, *Daimon*, *Azaféa* ou *Revista de Libros*, nas que tamén colabora. Traduciu a teóricos da filosofía como Strawson en *Los límites del sentido: ensayo sobre la Crítica de la razón pura de Kant* (Madrid, Revista de Occidente, 1975) ou Nelson Goodman en *Maneras de hacer mundos* (Madrid, Visor, 1990).

Anne-Marie Thiesse é directora de investigación do Centre National de la Recherche Scientifique de París desde 1991. Despois de estudar na École Normale Supérieure, graduouse na Universidade de París-III en 1981 e obtivo unha praza no CNRS como investigadora. O seu equipo de investigación colabora coa École des Hautes Études en Sciences Sociales. Os seus temas principais de investigación son a historia e a socioloxía da cultura. É autora do libro *A creación das identidades nacionais*, referente á construción das identidades rexionais e nacionais no continente europeo.

Monica Threlfall (BA, MA, Ph.D.) é profesora investigadora da London Metropolitan University (Reino Unido). Dirixe un dos equipos do proxecto FEMCIT-A Cidadanía Xerada nunha Europa Multicultural, que expón que a representación política debe reorganizarse para que cidadá(n)s e residentes se sintan incluídos. Publicou sobre a reforma electoral no Reino Unido e sobre o papel das organizacións da sociedade civil na transición democrática, o consenso ou o movemento feminista: *Gendering Spanish Democracy* (2005), *Consensus Politics in Spain* (2009).

Amelia Valcárcel é catedrática de Filosofía Moral e Política da UNED, ademais de presidenta da Asociación Española de Filosofía María Zambrano, membro do Consejo de Estado e vicepresidenta do Real Patronato del Museo del Prado. Autora dunha decena de libros, cincuenta capítulos en obras colectivas e máis de cen artigos, foi dúas veces finalista do Premio Nacional de Ensaio, cos libros *Hegel y la Ética* (1987) e *Del miedo a la igualdad* (1993).

Editora de *El concepto de igualdad* (1995), publicou *Sexo y Filosofía* (1991, 1993, 1995 e 1997), *La política de las mujeres* (1997, 1998 e 2004), *Ética contra Estética* (1998, Brasil 2005), *Los desafíos del feminismo ante el siglo XXI* (2000), do que é editora, *Rebeldes* (2000), *Pensadoras del siglo XX* (2001), do que é tamén coordinadora e editora, e outras obras como: *El sentido de la libertad* (2001) e *Ética para un mundo global* (2002-2007). Os seus libros máis recentes son *Hablemos de Dios* (2007), en colaboración con Victoria Camps, e *Feminismo en el mundo global* (2008, 2009). Foi conselleira de Educación e Cultura do Goberno de Asturias, directora ou membro de dez proxectos de investigación nos últimos quince anos e pertence aos consellos da Fundación Carolina, Real Instituto Elcano, así como a consellos editoriais, xurados, comisións e mecenados. Presidiu e dirixiu múltiples cursos e seminarios, nacionais e internacionais, e colaborou nos doutoramentos de universidades españolas e hispanoamericanas, o Centro de Estudios Constitucionales e o Consejo General del Poder Judicial.

Fernando Vallespín Oña é catedrático de Ciencias Políticas e da Administración na Universidad Autónoma de Madrid, onde exerceu case toda a súa carreira académica e onde ocupou cargos como o de vicerreitor de Cultura, ou director do Departamento de Ciencia Política e do Centro de Teoría Política. Foi profesor visitante nas universidades de Harvard, Frankfurt e Heidelberg, Veracruz e Malaisia, ademais dun activo conferenciante en numerosas universidades nacionais e internacionais. Entre os seus principais traballos figuran os libros *Nuevas teorías del Contrato Social* (1985), a edición de *Historia de la teoría política* en seis volumes (1990-1995) e *El futuro de la política* (2000). Publicou tamén preto dun centenar de artigos académicos e capítulos de libros de ciencia e teoría política en revistas españolas e estranxeiras, con especial predilección pola teoría política contemporánea. Forma parte, así mesmo, de diversos consellos editoriais en revistas españolas e estranxeiras. Foi presidente do Centro de Investigaciones Sociológicas, desde maio de 2004 ata maio de 2008.

José Luis Villacañas Berlanga é catedrático de Filosofía Moral e Política da Universidade de Murcia. Traballou como profesor de Investigación no Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) entre os anos 1995 e 1997 e tamén foi o director xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas da Generalitat Valenciana, desde 1999 ata 2003, ano en que retomou a súa actividade docente. Os seus temas de investigación son a filosofía alemá, desde a Ilustración ata Max Weber, e a historia intelectual hispana. Os seus últimos libros son: *La Filosofía del Idealismo Alemán* (Madrid, 2000), *La Filosofía del siglo XXI* (Madrid, 2001), *Jaume I el Conquistador* (Madrid, 2003), *Los latidos de la ciudad* (Barcelona, 2004), a edición das *Meditaciones cartesianas* (Madrid, 2005) de Ortega y Gasset, e *Poder y Conflicto* (Madrid, Biblioteca Nueva, 2008).

Darío Villanueva naceu en Vilalba (Lugo) en 1950. É catedrático de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela. Licenciouse en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela en 1972 e doutorouse en Filoloxía Hispánica pola Universidad Autónoma de Madrid en 1976. É secretario da Real Academia Española de la Lengua. É membro da Asociación Internacional de Hispanistas, da Sociedade Española de Literatura Xeral e Comparada, da que na actualidade é presidente, da Asociación Española de Teoría da Literatura (ASETEL), que presidiu entre 1996 e 2001, da Sociedade Española de Semiótica e da Twentieth Century Spanish Association of America. Pertence tamén á International Comparative Literature Association / Association Internationale de Littérature Comparée. Entre os seus libros figuran: *El polen de ideas. Teoría, crítica, historia y literatura comparada* (1991), *Trayectoria de la novela hispanoamericana actual* (1991), escrito co profesor Viña Liste e traducido ao árabe polo Consello Superior de Cultura de Exipto (1998), *Teorías do realismo literario* (1992, segunda edición en 2004), traducido ao inglés pola State University of New York Press en 1997, e *Valle-Inclán, novelista del Modernismo* (2005). Ademais, compilou dous volumes, *Avances en Teoría de la Literatura* (1994 e 1999) e *Curso de Teoría de la Literatura* (1994), así como *La poética de la lectura en Quevedo* (Universidade de Manchester, 1995;

segunda edición, Editorial Siruela, Madrid, 2007) e *Images of the city* (Nova York, 2008).

Slavoj Žižek naceu en Liubliana (Eslovenia) en 1949. É sociólogo, filósofo e filólogo. Estudou Filosofía na Universidade de Liubliana, onde se doutorou en 1981, e Psicanálise na Universidade París VIII, onde obtivo un segundo doutoramento catro anos despois. Foi profesor visitante nas universidades de París VIII, Buffalo, Minnesota, Tulane, Nova Orleáns, Columbia, Princeton, Michigan, Georgetown ou a New School for Social Research de Nova York. Fundador e presidente da Sociedade para a Psicanálise Teórica de Liubliana e profesor da Universidade de Liubliana, da European Graduate School (EGS) e do Kulturwissenschaftliches Institut de Essen. É un dos seguidores máis prestixiosos de Jacques Lacan e bebe tamén das fontes das teorías hegelianas e marxistas. Cunha estrutura de pensamento que toca os eidos da Socioloxía, a Psicoloxía, a Filosofía e a Comunicación, entre as súas publicacións destacan: *The Sublime Object of Ideology* (Londres, 1989), *For They Know Not What They Do* (Londres, 1991), *Looking Awry* (Cambridge, 1991), *Enjoy Your Symptom!* (Nova York, 1992), *Tarrying With the Negative* (Durham, 1993), *Metastases of Enjoyment* (Londres, 1994), *The Indivisible Remainder* (Londres, 1996), *The Plague of Fantasies* (Londres, 1997), *The Ticklish Subject: The Absent Centre of Political Ontology* (Londres, 2000), *Welcome to the Desert of the Real* (Londres, 2002), *Revolution at the Gates: Žižek on Lenin, the 1917 Writings* (Londres, 2002), *Organs Without Bodies* (Londres, 2003), *The Puppet and the Dwarf* (Cambridge, 2003), *Iraq: The Borrowed Kettle* (Londres, 2004), *The Parallax View* (Cambridge, 2006) ou *The Lost Causes* (Londres, 2010).